



#### Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña  
Teléfono: 981 770 011  
Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** Corrección das bases e nomeamento da comisión de selección do alumnado-traballador e persoal do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal".  
**EXPEDIENTE:** 2024/E005/000017

#### ANTECEDENTES

ORDE do 7 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2024.

Informe emitido polo servizo de Intervención municipal para a solicitude do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal", de data 25.03.2024.

Decreto núm. 431/2024, de data 12.03.2024 de aprobación do proxecto do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal".

Resolución de Concesión de Subvención de data 18.09.2024 do Servizo de Formación e Cualificación para o Emprego do Departamento territorial da Coruña, nº de expediente 15/0024/2024.

Bases de selección do alumnado-traballador e persoal do obradoiro dual de emprego "Empregabilidade na asistencia persoal", aprobadas por Decreto Nº1865/2024.

Detéctase un erro nas bases, onde no referente á oficina de emprego que realizará a preselección do alumnado pon: "oficina de emprego Ferrol Centro" e debería poñer "oficina de emprego Monelos, A Coruña".

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Corrixir o erro existente nas bases, procedendo a cambiar no referente á oficina de emprego que realizará a preselección do alumnado "oficina de emprego Monelos, A Coruña", en lugar de "oficina de emprego Ferrol Centro"

**SEGUNDO.-** Notificarlle esta resolución á/s persoa/s interesada/s, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

Documento asinado electronicamente en Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa

María Barral Varela

O secretario acctal.

Daniel Pereiro Cachaza